

NOVIDADES SOBRE O PROGRAMA DE TARXETA SOCIAL BÁSICA (TARXETAS PRE-PAGAMENTO/TARXETAS-MOEDEIRO) PARA AS PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE ECONÓMICA POLA CRISE DA COVID-19

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

A tarxeta pre-pagamento, destinada á cobertura de necesidades básicas á poboación en situación de vulnerabilidade ocasionada pola COVID-19, articulado a través de tarxetas pre-pagamento para a adquisición de produtos de alimentación, hixiene e farmacia, **amplía a súa vixencia ata o 30 de xuño de 2022.**

A novidade máis salientable é que, a partir do vindeiro 1 de febreiro, **non se poderán efectuar renovacións** a aquelas persoas que estiveran de alta neste Programa nos 6 meses anteriores á data da solicitude actual.

Para as demais persoas, os requisitos de acceso ao programa serán os mesmos que ata o de agora.

Condicións económicas:

Nº persoas da Unidade Económica	Límite de Ingresos
1	434,26
2	515,32
3	584,80
4	642,70
5	694,90/700,50
6	694,90/758,50*
7	694,90/781,67*

(*) Límite máximo sen menores (120% IPREM) = 694,90

(**) Límite máximo con menores (135% IPREM)= 781,67

Contías

Nº de membros	Importe mensual	Importe total (3 meses)
1	150 €	450 €
2	200€	600 €
3 ou máis	300€	900 €

Solicitude

As tarxetas tramitaranse, con carácter xeral, polos/as traballadores/as sociais dos servizos sociais comunitarios municipais, na súa condición de profesionais de referencia do sistema galego de servizos sociais.

Máis información

Servizos sociais do Concello de Touro

Teléfono: 981504000 / 981504029 Extensión 1